

XVI CAMPUS POLIDEPORTIVO

A Fundación Vigo en Deporte e o Instituto Municipal dos Deportes colaboran para realizar, a décimo sexta edición, do Campus Polideportivo.

A finalidade do Campus é participar na práctica deportiva de mans das mellores entidades deportivas da cidade, dende a súa iniciación ata o seu perfeccionamento.

DATAS E LUGAR

Do 22 ao 26 de xuño no Complexo Deportivo das Travesas (Av. Castrelos, 1 de Vigo)

XORNADA

A xornada é de 9h a 18h dende o luns ata o venres.

ACTIVIDADES

Baloncesto, balonmán, voleibol, fútbol sala, hóckey a patíns, baloncesto en cadeira de rodas, natación, béisbol, rugby, bádminton, ciclismo e excursión ás Illas Cíes.

PRAZAS E IDADE

Contamos con 200 prazas para nenos e nenas de entre 6 a 14 anos.

PREZO E PRAZO DE INSCRICIÓN

O prezo é de 70 € por neno ou nena. Inclúe o xantar, unha pequena merenda a media mañá e un seguro privado.

O pago faise en efectivo no momento da inscrición, xunto coa presentación cumprimentada da folla de inscrición (www.vide.es).

O prazo de inscrición comeza o día 1 de xuño ás 9h nas oficinas da Fundación VIDE ata cubrir as prazas, cun máximo de catro solicitudes por persoa.

ENTIDADES COLABORADORAS

Academia Octavio, R.C. Celta Baloncesto, C.D. Mosteiro Bembrive F.S., Vigo Voleibol, Xuvenil Teis, Travesas HC, Amfiv, Halcones de Vigo, Vigo Rugby, Bádminton Rachaplumas e Ciclista Vigués

RECOMENDACIÓNS

Os nenos e nenas deberán vestir con calzado e roupa deportiva.

O primeiro día deberán presentarse como moi tarde ás 8.45h e traer: patíns, traxe e gorro de baño, toalla, chanquetas e viseira.

IMPORTANTE: todos os participantes do campus contarán cun seguro privado a cargo da Fundación Vide. E en caso de urxencias menores o pai/nai será o encargado do traslado do/a menor ao hospital concertado polo seguro contratado pola Fundación.
